Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pegada do cabalo de San Pedro

Na praia de Borna, Domaio, Moaña (Pontevedra) hai un penedo con gravados que semellan ferraduras e que se explican da seguinte maneira.

Cando o demo tiña fame baixaba á praia de Borna disfrazado de serpe, pillaba o marisco que lle parecía e logo levábao para o monte e comíao enriba dunha laxe. Desque estaaba farto, facía a dixestión e botaba a sesta.

Nunha desas foi cando San Pedro pasou por alí dacabalo, viu o demo en figura de serpe e tripouno. Agora xa se entende a forma de ferradura que hai na pedra.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

GARCÍA ALÉN, A., PEÑA SANTOS, A. de la, Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra, A Coruña, 1980.

VILLAVERDE ROMÁN, X. C., Lendas de Moaña, Agrupación cultural Nos, Moaña, 1988.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de

Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.